



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O CLUBE PRAIA DE PANTÍN PARA A CELEBRACIÓN DA 31 EDICIÓN DO CIRCUITO MUNDIAL DA WORLD SURF LEAGUE (WSL) QUE SE CELEBRARÁ DO 27 DE AGOSTO Ó 2 DE SETEMBRO DO ANO 2018.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co Clube Praia de Pantín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clube Praia de Pantín para a organización do evento (gastos de persoal, licenzas do evento, loxística diversa...) do 31 Pantín classic Pro serie clasificatoria do circuito mundial da Worl Surf League. A proba terá lugar do 27 de agosto ao 2 de setembro ambos inclusive e celebrarase no concello de Valdoviño, praia de Pantín (A Coruña).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade.

Así mesmo ten entre os seus obxectivos básicos a potenciación do turismo de Galicia como un factor de crecemento económico, a través da valorización dos recursos turísticos, así como o fomento do turismo como un instrumento de reequilibrio territorial.





Segundo.- O Clube Praia de Pantín é unha asociación sen fin de lucro que constituída no ano 2008 co obxectivo de promocionar o deporte do surf e deportes de deslizamento así como a organización de eventos relacionados con estes mesmos deportes.

O “Clube Praia de Pantín” é a única asociación con licenza de exclusividade da WSL para Galicia, o que a habilita para organizar as probas do circuito mundial de surf homologadas pola World Surf League en Galicia: a Pantín Classic Pro 2018, na que participan preto de cento oitenta surfistas profesionais, homes e mulleres, de todo o mundo, evento que organizan de forma ininterrompida desde 2009.

Terceiro.- A colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Clube Praia de Pantín responde ao interese común de ambas as dúas partes na promoción e divulgación de Galicia internacionalmente dunha maneira moi notable que queda reflectida no aumento de deportistas que practican o surf nas nosas costas así como a contribución que este deporte fai na cultura e patrimonio marítimo e protección do medioambiente.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

